



INSTRUCCIÓN SOBRE O INICIO DOS PRAZOS DE INTERPOSICIÓN DE RECURSOS EN VÍA ADMINISTRATIVA ORDINARIA DERIVADOS DA NORMATIVA PUBLICADA POR MOR DA PANDEMIA DO COVID 19 :

No BOE de 23 de maio de 2020 publícase a Resolución de 20 de maio de 2020 do Congreso dos Diputados pola que se ordea a publicación do Acordo de Autorización da prórroga do Estado de Alarma declarado polo Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo e o Real Decreto 537/2020 de 22 de mayo polo que se prorroga o Estado de Alarma dende as 00:00 horas do día 24 de maio ata as 00:00 horas do día 7 de xuño de 2020.

No punto décimo do acordo do Consello de Ministros de 19 de maio de 2020 adóptase a decisión de derogar a Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo e no punto undécimo a derogación da Disposición Adicional 4ª desta norma.

Estas disposicións afectan á suspensión dos prazos e términos administrativos así como os prazos e prescripción e caducidad reanudándose ou reiniciándose o 1 de xuño de 2020 ou 4 de xuño de 2020 respectivamente, sempre e cando o reinicio veña disposto nunha norma con rango de lei.

De xeito similar se pronuncian con efectos xurídicos os artigos 9º e 10º do Real Decreto 537/2020 de 22 de maio.

- Por tanto, atendendo que o exercicio de accións está suxeito á prazos de caducidade como no caso da interposición de recursos administrativos de carácter ordinario e demais medios de impugnación, mediación, conciliación e arbitraje dos referidos no artigo 112.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, a partires do día 4 de xuño inclusive, levántase a suspensión dos prazos para interpoñer este tipo de recursos debendo notificar de xeito ordinario en relación cos pes de recurso co mesmo teor literal que o anterior ó 15 de marzo de 2020.

- No ámbito tributario, os recursos de reposicións e reclamacións económico administrativas contemplados na LXT e TRLFL manterán o dies a quo do 30 de maio polo que a partires desta data deberá redactarse o pé de recursos das notificacións de xeito similar que o anterior á data de 15 de marzo de 2020 dada o seu carácter de normativa de carácter especial.



Esta instrucción e as demais emitidas, na medida que supoñen interpretación do dereito con efectos xurídicos, deberán publicarse no Portal de Transparencia municipal á vista do artigo 7.a) da Lei 19/2013 de 9 de decembro e Lei 1/2016 de 8 de xaneiro.

O Secretario

Ante mín, A Alcaldesa

Francisco Javier Novoa Juiz

Mónica Rodríguez Ordóñez